



PROGRAMA

10-26 AGOSTO 2012

Edita

Concello de Vilagarcía

Alcalde

Tomás Fole Díaz

Concelleira de Cultura

Ángeles Rodríguez Barreiro

Realiza

Área de Comunicación Social

Imprime

Gráficas Anduriña

Depósito Legal

PO 429-2012

NOTA: Este programa pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais e na web municipal www.vilagarcia.es

Para todos, con todos.

Fiel á súa cita, San Roque xa está aquí. Os tempos son difíciles, pero tanto o noso patrón coma nós ben nos merecemos un días de lecer. Para iso, e conforme á necesidade de facer máis con menos e de arrimar o ombro, presentamos un programa no que hai actividades para todos e, o máis importante, con todos. Asociacións, clubs deportivos e entidades de todo tipo se sumaron á realización dun programa no que hai, pensamos, de todo.



Hai eventos gastronómicos xa consolidados, como a Festa da Ameixa ou a Feira das Tapas, pero aparecen outros, como a Festa da Cervexa ou ViñaGarcía, o salón gastronómico de Arousa, lexítimo herdeiro de Albarousa, mentres outros, como a Festa do Mexillón de Vilaxoán tentan consolidarse dentro dunha programación que por algo mereceu no seu día ser considerada como “de interese turístico nacional”.

En San Roque 2012 hai, igualmente, concertos de renome, como os de Raphael, Celtas Cortos ou Nancys Rubias, pero tamén actuacións a pe de rúa, cun carácter marcadamente local pero de gran calidade: 7 Setenta, Strickers, Versión B, a Rondalla de Carril, os Acordeóns de Arousa Bay, o Coro Liceo, a banda de música, a Big Band ou o cuarteto Chamaliaux, digno vencedor do certame musical do Eixo Atlántico.

En San Roque hai, tamén, unha variada programación para todos os públicos, pensando especialmente nas familias e nos máis pequenos: cine na rúa, teatro, títeres, talleres, maxia, contacontos, desfiles, folclore, mercadiños temáticos, atraccións de feira... e, por suposto, auga, moita auga. Vémonos na rúa.

Tomás Fole Díaz

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'Tomás Fole Díaz', written over a horizontal line. The signature is stylized and includes some loops and flourishes.

Alcalde-Presidente de Vilagarcía de Arousa



Do LUNS 6 ao DOMINGO 12

21:00-01:00

As 9 na praia. Sesi3ns chillout na Concha

Durante as nove da noite e a unha da madrugada, un DJ pinchar3 todo tipo de m3sica chill out (lounge, brazilectro, afro sound, acid jazz, easylistening, groove...). O denominado "Solpor Space" consistir3 na instalaci3n de butacas, tumbonas e pufs a p3 de mar e con vistas 3 posta de sol, a3nda que cada quen pode facerse o seu recuncho persoal no amplo areal ou no pi3neiral, onde tam3n se decorar3n as mesas e bancos de madeira. A carta de c3cteles incluir3 especialidades tan co3necidas como a "caipirinha", o "mojito" ou o "margarita", a3nda que haber3 outras moitas combinaci3ns 3 gusto do consumidor.





XOVES 09

21:30 (primeira sesión) / 23:30 (segunda sesión)

Varietés. Concerto
Gramola. Rock acústico
Rúa Méndez Núñez.

Organizado polos hostaleiros da rúa Méndez Núñez, coa colaboración do Concello e a Asociación de Hostalería e Iniciativas Turísticas (Ahituvi), esta céntrica rúa acolle a segunda edición de "Varietés", unha serie de miniconcertos que lembra os tempos do histórico cinematógrafo local. En dous pases: ás 21,30 e ás 23,30 horas.

ATA O VENRES 10

11:00-14:30-17:00-20:30
Playing Vilagarcía

Actividades de animación na praia da Concha.

Playing
VILAGARCÍA



VENRES 10

21:00 - 24:00

**ViñaGarcía. Salón
Gastronómico de Arousa**
Praza da Peixería.

Organizado polo Arosa SC, co obxecto de recadar fondos para os distintos equipos do club, en colaboración co Concello, ViñaGarcía, o Salón Gastronómico de Arousa, retoma a senda de Albarousa, a mostra do albariño artesanal, pero baixo un novo enfoque. Viños da D.O. Rías Baixas, principalmente elaborados no termo municipal de Vilagarcía, receitas tradicionais e música compoñen o menú desta cita gastronómica. Inauguración ás 21:00 h.

FESTA DA

AVGA

VILAGARCÍA DE AROUSA



13:30

Presentación da imaxe da Festa da Auga 2012

Concerto de Perkutone

Rúa da Baldosa

Ao tempo que se presenta a imaxe da Festa da Auga 2012 e se inicia a venda das camisetas, o trío “Perkutone” ofrecerá un concerto no que Toño Rodríguez (set de percusión), Noli Torres (batería) e Vikas Tripathi (táboas) demostrarán ata onde pode chegar a percusión ben entendida.

20:00-24:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Praza da Peixería.

Cada noite, actuación musical.

20:30-24:00

Expoferta. Feira de oportunidades de Zona Aberta

Paseo Elpidio Villaverde (entre a Alameda e o peirao de pasaxeiros).

Fiel ao seu lema de “centro comercial aberto”, a Asociación de Comerciantes Zona Aberta organiza unha feira de oportunidades na rúa de Elpidio Villaverde, entre a A

Alameda e o peirao de pasaxeiros. Tres días para disfrutar das compras a prezos moi atractivos e de actividades de animación.



21:00-01:00

As 9 na praia.
Sesi3ns chillout na Concha

22:00

Concerto de “Los Panchos”
Auditorio Municipal.

Entradas: 16 euros en venda anticipada; 18, o d3a do concerto. Venda en www.servinova.com e no auditorio o mesmo d3a do espect3culo.

Herdeiro lex3timo do tr3o orixinal, o actual grupo “Los Panchos” est3 formado por Gabriel Vargas (director, requintista e terceira voz), Jaime Islas (primeira voz) e Taurino Vargas (segunda voz).



Transcendencia, antigüidade e discografía avalan a súa traxectoria, tralo seu convenio con mestre Gil. Son os actuais compoñentes do grupo quen emprenderon o novo rumbo internacional de “Los Panchos”, dende USA a Xap3n e agora Europa, para que a maxia do bolero continúe ardendo nos coraz3ns.

22:30

Fantasio na rúa. Cine
Los Pitufos 3D
Rúa Castela3

O malvado bruxo Gargamel persegue aos pitufos f3ra do seu poboado. A trav3s dun portal m3xico, os diminutos personaxes creados por Peyo chegan ao mundo actual, en concreto ao Central Park de Nova York. Os pitufos deber3n atopar o cami3o de volta antes de que Gargamel os atope. Direcci3n: Raja Gosnell. USA, 2011.



SÁBADO 11

11:30

Degustación popular de mexillón

Rúa de Castelao

Organizada polo Club de Remo de Vilaxoán, co patrocinio do Consello do Mexillón de Galicia, e como preámbulo da Festa do Mexillón que se celebrará o día 15, no parque de Dona Concha.

12:00-24:00

Exproferta. Feira de oportunidades de Zona Aberta

Paseo Elpidio Villaverde (entre a Alameda e o peirao de pasaxeiros).

12:00-15:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Praza da Peixería.

11:30-14:00

Taller Infantil “Festa da Auga 2012”

Praza de Galicia

18:00

Concentración moteira 36600

Praza da Peixería

A Concentración do Motoclub 36600 chega a súa 12ª edición. Nesta ocasión a acampada faise baixo pavillón cuberto, o de Castelao, e as distintas actividades teñen como sede a praza da Peixería. Ás 18:00 horas, os participantes farán unha ruta “con pinchada” e unha hora despois, unha exhibición en ruta. Ás 22:00 compartirán unha cea na Peixería e a continuación comezará a festa moteira, que inclúe unha actuación musical.



20:00-24:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Praza da Peixería.

Cada noite, actuación musical.

21:00-01:00

As 9 na praia. Sesións chillout na Concha

21:00

Pregón de San Roque 2012: Jordi Aragonés

Praza de Ravella.



O actual preparador físico da selección española de baloncesto feminino regresa á súa vila, onde non puido recoller en persoa o título de mellor deportista local de 2011, e o fai como pregoeiro dunha festa que vive dende sempre.

22:15

Ofrenda Floral a San Roque

Igrexa parroquial de Santa Eulalia.

Logo da lectura do pregón, agrupacións sociais, culturais e musicais participarán nun desfile que culminará diante da igrexa parroquial, onde farán a súa ofrenda floral ao patrón da cidade, xunto cos membros da Corporación municipal.



23:00

Concerto de Strickers e Versión B

Praza de Galicia. Gratuíto.

Dúas veteranas formacións vilagarcíans comparten escenario durante dúas horas para ofrecer versión de temas míticos dos 70 e 80, así coma algunhas composicións propias.



STRIKERS

A historia do grupo comeza en Vilagarcía, a finais dos anos 60. A súa estética e estilo pouco estandarizado para a época, fíxolles un oco con gran popularidade no ambiente musical comarcal de entón, desaparecendo anos máis tarde. No ano 2009 e con motivo do festival “Coa axuda dos meus amigos”, o grupo formouse de novo, mesturando experiencia e xuventude e recibindo unha gran acollida do público.



VERSIÓN B

Versión B naceu en 2009, aínda que non deu o seu primeiro concerto público ata 2010, no auditorio. Dende entón xa tocaron en Santiago (festas do Apóstol), Vilanova (concentración moteira) e outros encontros musicais. O grupo está formado por Rafa Jiménez, cantante; Tatá, guitarra, teclados e voces; Javier Gago, guitarra rítmica e voces; Paco Mariño, baixo; e Eloy Magariños, batería. Versión B interpreta pop, rock, hard-rock e blues e a autores como Bob Dylan, Rolling Stones, Beatles, Sabina, Guns' Roses... e algúns temas propios.

23:00

La Duendeneta. Festa dos 70

A Alameda.

La Duendeneta é un concepto novo de discoteca móbil. Todo a bordo dunha orixinal furgoneta Avia de 1974 estilo vintage. Equipo de sonido de 5.000 watos e equipo de iluminación LEC con cabezais móbiles, máquina de fume, ordenador e mesa de mezclas. Colabora a Asociación de Hostaleiros coa entrega de diversos premios.



DOMINGO 12

12:00-15:00

ViñaGarcía. Salón Gastronómico de Arousa

Praza da Peixería.

12:00-24:00

Expoferta. Feira de oportunidades de Zona Aberta

Paseo Elpidio Villaverde (entre a Alameda e o peirao de pasaxeiros).

20:00-24:00

ViñaGarcía. Salón Gastronómico de Arousa

Praza da Peixería.

Cada noite, actuación musical.

20:30

O Club dos Superroquños: Circo na rúa

Praza de Galicia.



O circo chega ás rúas de Vilagarcía zancudos, malabaristas e pallasos polas rúas peonís de Rei Daviña, Praza Galicia, etc.

21:00-01:00

As 9 na praia. Sesións chillout na Concha

21:30

Fantasio na rúa. Espectáculo de clown: Peter Punk



Peter Punnk presenta o seu novo espectáculo, “A Chungatrona”. O artista premiado como mellor espectáculo do Festiclown 08, volve cun espectáculo renovado e con máis xogos, preparado para facer rir a todos os públicos. O irreverente Peter Punk se presenta nesta ocasión no seu novo e gran pequeno vehículo. Participando activamente co público xogando como un neno que se nega a crecer.

22:00

Exhibición de Taekwondo. Club Olímpic

Explanada do auditorio.

22:30

Fantasio na rúa. Cine Lluvia de Albóndigas

Rúa de Castelao

Flint é un inventor cuxo maior sono é poder crear algún aparato que mellore a vida dos demais. Finalmente, tras moitos intentos falidos, Flint leva a cabo un invento que pode revolucionar o mundo: unha máquina que fai que caia comida do ceo. Adaptación do libro homónimo de Judi Barrett, “Lluvia de albóndigas” e uha parodia animada dos films de catástrofes, como Armageddon, Twister ou Independence Day.






Foto: Mito Piñeiro

LUNS 13

10:00-24:00

Mercado pirata

Rúa da Baldosa e o seu contorno.

Seguindo a liña do mercado de época de Santa Rita, as rúas centrais de Vilagarcía, arredor da Baldosa, échense de cor, esta vez cun mercado temático dos piratas. Postos de artesanía, talleres de oficios, animación de rúa, música en directo, e zona lúdica para os máis pequenos conforman a oferta do mercado pirata, que estará en Vilagarcía tres días.

12:00-15:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Praza da Peixería.

Cada noite, unha actuación.



12:30-14:30

Pasarrúas do grupo de gaitas Garandiro

Rúas do centro urbano.

18:00

Verbena dos Madores

Praza de Galicia.



Por segundo ano consecutivo, San Roque inclúe unha verbena especialmente pensada para os maiores. Estará amenizada polo grupo “Los Tres Latinos” e, ademais, haberá unha gran chocolatada.

20:00-24:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Cada noite, actuación musical. Hoxe, grupo Maquía.



20:30 (segundo pase ás 21:30)


O Club dos Superroquiños
Teatro e títeres: Os Trogloditas

Praza de Galicia.

Dous lanzadores de menhires, un levantador de pedras ou un faquir que atravesa o seu corpo cun tronco, farán a delicia do público asistente, divertindo a grandes e pequenos, mesturado coa intervención actoral dos personaxes condutores da representación.

Coñeceremos a través do humor e dos monicreques o modo de vida dos homes e mulleres das cavernas.

Tanxarina Teatro. En colaboración coa Agadic.



22:00

Concerto da Banda de Música de Vilagarcía **Bandas Sonoras do Cine**

Rúa Castelao.

Rememorando os vellos cines de Vilagarcía –Cervantes, Arosa, Fantasio, Varietés...- a banda de música nos ofrece un percorrido por algunhas das máis brillantes páxinas musicais da historia do cine: A lista de Schlinder, El príncipe de las tinieblas, Braveheart... todo acompaña da proxección de imaxes moi recoñecibles.

22:30

Concerto de 7 Setenta

Parque da Xunqueira. Gratuito.

7 Setenta naceu como grupo en 1997, ao xuntarse varios músicos que formaran parte de distintos grupos nos anos setenta. Hoxe xa non son sete, senón dez os seus membros, cun repertorio composto por versións de músicos como Pink Floyd, Eric Clapton, Deep Purple, Rosendo ou M Clan. O obxectivo de 7 Setenta é recuperar temas lendarios do rock e disfrutar da súa amizade, que os une tanto no escenario coma nos ensaios e mesmo na vida privada.

MARTES 14

10:00-24:00

Mercado pirata

Rúa da Baldosa e o seu contorno.

12:00-15:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Praza da Peixería.

20:30 (segundo pase ás 21:30)

O Club dos Superroquiños. Teatro e títeres: Os Trogloditas

Praza de Galicia.

12:30-14:30

Pasarrúas do grupo de gaitas Malveiras

20:00-24:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Cada noite, actuación musical. Hoxe: Grupo Nós, de Sobradelo.

21:30-23:30

Pasarrúas do grupo de gaitas Froallo



7setenta

22:30

Concerto de Raphael.

Recinto feiral de Fexdega.

Entradas: 15 euros, entrada xeral; 20, con cadeira.

Na súa xira por España e América, Raphael ofrece o seu único concerto en Galicia para presentar o seu novo disco “El Reencuentro”, un traballo no que, en efecto, o veterano artista volve a traballar, despois de 28 anos, co seu compositor fetiche, Manuel Alejandro, autor de temas míticos como “Yo soy aquel”, “Cuando tú no estás”, “Estuve enamorado”, “Digan lo que digan”, “Ave María”, “Como yo te amo”, ou “Qué sabe nadie”, entre outros moitos éxitos.

22:30

Concerto. “Los niños de La Lomba”

Praza do Castro


Presentación dun novo proxecto musical en Vilagarcía, “Los niños de La Lomba”, con Nacho Pérez (guitarra) e Edgar Vero (voz e percusión).

23:00

Verbena popular de San Roquiño

Barrio de San Roque.





MARTES 14
22:30

RAPHAEL

Recinto Feiral de Fexdega

MÉRCORES 15

10:00-24:00

Mercado pirata

Rúa da Baldosa e o seu contorno.



11:30

Festa do Mexillón

Parque de Dona Concha. Vilaxoán

Recuperando unha tradición que data de 1948, o Club de Remo de Vilaxoán festexa o bivalvo que tanta sona dá a un porto que viu nacer a primeira batea de Galicia. En distintas preparacións, os visitantes poderán disfrutar do mexillón a prezos populares, arredor dos 3 euros.

12:00-15:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Praza da Peixería.

12:30

Misa e procesión de San Roqueño

Capela de San Roque

12:30-14:30

Pasarrúas do grupo de gaitas Mocidade da Torre





18:00

O Club dos Superroquiños. Festa Júnior Dance

Praza de Galicia.

Durante unha hora e media, a Praza de Galicia converterase nunha festa dance con DJ animador e xogos musicais para os mais pequenos, que bailarán, cantarán e disfrutarán da festa.

21:00

O Club dos Superroquiños Espectáculo de clown: As aventuras de Lila e Lolo

Praza de Galicia

Un espectáculo interactivo onde os nenos e nenas, e os que non son tanto, disfrutarán das divertidas aventuras e desventuras destes dous pallasos, nunha constante sucesión de gags cómicos cheos de tenrura e absurda realidade. Os xogos, as torpezas e o inocente inxenio de Lila e Lolo, farán que a risa e a sorpresa sexan un referente no desenvolvemento do show. Un espectáculo onde a participación do público é unha parte fundamental da función.



20:00-24:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Cada noite, actuación musical. Hoxe: grupo de gaitas Os Xirifeiros.

21:00

Exhibición de motos trial SQeM.

Parque do Cavadelo.

21:00

Fútbol. Trofeo San Roque

Campo Municipal da Lomba

Encontro entre o Arousa SC-Céltiga de A Illa.

MÉRCORES 15

22:30

CELTAS CORTOS

Praia da Concha.





22:30

Concerto de Celtas Cortos.

Praia da Concha. Gratuíto.

Na súa exitosa xira por España baixo o título “Vivos y directos”, Celtas Cortos celebra os seus 25 anos sobre os escenarios na areal da praia da Concha e xusto na véspera da Festa da Auga. A intención do grupo, din os seus compoñentes, é “seguir compartindo o mellor da nosa mercancía, que son as nosas cancións, os nosos pequenos tesouros que, nados da emoción, da rebeldía, da alegría ou do cabreo, nos fan seguir avanzando na aventura da música... Ante a crise, creatividade e humildade, sen deixar de facer as cousas o mellor que podemos”.



XOVES 16

12:00

FESTA DA AUGA

Praza de Galicia

XOVES 16

11:45

Traslado de San Roque

Dende a igrexa parroquial (praza de España) á capela de San Roque.

12:00

Festa da Auga

Logo do pregón, nunha grúa e caldeiro en man, comeza a multitudinaria festa da auga.

20:00

Procesión de San Roque

A procesión realizará o seguinte percorrido: capela de San Roque, praza da Independencia, Padre Feijóo, praza de Galicia, arcebispo Lago, xeneral Pardiñas, Covadonga e praza de España. Á altura da praza de Galicia se realizará a tradicional salva pirotécnica e a danza de honra a cargo do Grupo Malveiras.



20:00-24:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Cada noite, actuación musical.

21:30-23:30

Pasarrúas do grupo de gaitas Os Terribles de Arousa

22:30

Verbena popular

A Alameda.

Amenizada pola orquestra Jerusalén.

VERNES 17

12:00-15:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Praza da Peixería.

12:30-14:30

Pasarrúas do grupo de gaitas e baile Embruxo

11:30 a 20:30

O Club dos Superroquiños.

Festa de inchables

Praza de Galicia e Rúa
Castelao.

Inchables infantís
e talleres de
maquillaxe
e de xoias con
gominolas.





20:30

O Club dos Superroquiños.

Festa da Espuma

Praza de Galicia

20:00-24:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Cada noite, actuación musical. Hoxe: Xirifeiros Folk, con Cristian Silva, David Gómez e Ángel Rey.

21:30-23:30

Pasarrúas do grupo de gaitas Xeada

21:00

Cuarteto Chalumiaux

Rúa Castelao

Chalumiaux é unha agrupación musical nacida no Conservatorio de Música de Vilagarcía que este ano gañou o primeiro premio da súa categoría na III Mostra Musical do Eixo Atlántico, na que participan músicos dos principais concellos de Galicia e Norte de Portugal. Chamuliaux son: Juan López, Isma Álvarez e Artur Silveiro (clarinetes) e Santiago Fontes (clarinete bass). Acompañaos á percusión Álex García.





22:00

Concerto da Big-Band

Rúa Castelao

A Big-Band nacida da banda de música de Vilagarcía propón un concerto cheo de referencias á música dos anos 80 e 90, xunto con outros clásicos das grandes orquestras.

22:30

Concerto do Coro Liceo de Vilagarcía

Auditorio municipal.

Entradas: 2 e 3 euros, segundo a zona.

O Coro Liceo ofrece un programa de música española, zarzuela, ópera e góspel. Baixo a dirección de Margarita Guerra, que tamén toca as castañolas, o coro estará acompañado polo pianista Alejo Amoedo. As entradas poden adquirirse no mesmo día da actuación, nos baixos do auditorio, desde as 10:00 da mañá.



22:30

Concerto de Nancys Rubias

Parque da Xunqueira. Gratuíto.

O grupo liderado por Mario Vaquerizo chega á Xunqueira dentro da súa xira “Ahora o nunca”. Unha oportunidade para disfrutar da súa singular proposta musical, na que se mistura punk, pop, glam e electrónica. Fundado en 2004, “Nancys rubias” pronto comezou a abrirse un oco no mercado musical, ao que contribuiu non pouco a súa alianza con Fangoria, á que o propio Vaquerizo representa, ademais de marido de Alaska, a cantante do grupo.

23:00

La Duendeneta

Alameda.



Unha viaxe musical dende os
60 ata os nosos días.





VENRES 17
22:30

NANCYS RUBIAS
Parque da Xunqueira

SÁBADO 18

12:00-15:00

Viña García. Salón gastronómico de Arousa
Praza da Peixería.

12:30-14:30

Pasarrúas do grupo de gaitas
A Nosa Sra. da Xunqueira.

16:30-20:30

V Festival Proxecta.
Mercadiño fotográfico.
Rúa Romero Ortiz.

Durante catro horas, profesionais e afeccionados á fotografía poderán expoñer, cambiar e vender toda clase de obxectos e publicacións relativas a esta arte.



18:00

Festa da Ameixa. Concurso de Cociña.
Alameda de Carril.

Os participantes elaborarán pratos baseados na ameixa. Un xurado elixirá aos tres finalistas.

20:00

V Festival Proxecta.
**Inauguración da exposición “Premio Fotoxornalismo 2011 –
Estração Imagem Mora”**
Sala Rivas Briones, rúa Alcalde Rey Daviña.

A sala reúne ata o 2 de setembro as mellores fotografías realizadas polos fotoxornalistas de fala lusa durante 2011.

PROXECTA

5º Festival de fotografía_Vilagarcía de Arousa

20:00-24:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa.

Cada noite, actuación musical.

20:30

O Club dos Superroquiños. Espectáculo de maxia "Valeria Varitas".

Unha hora máxica con humor para todos os públicos. A maga Valeria Varitas funde humor, maxia e misterio nun só espectáculo.



21:00

Concerto de Acordeóns "Arosa Bay" e da Rondalla Gato Negro.

Auditorio municipal. Gratuito.

Fundada en 1970, a Rondalla do Gato Negro, de Carril, leva máis de cuarenta anos interpretando un repertorio composto por habaneras, boleros, foliadas e demais composicións populares tanto galegas como españolas. Nesta ocasión, a rondalla compartirá escenario co grupo de acordeóns "Arosa Bay", nado na Escola Municipal de Música da man do que fora o seu director, Alfonso Galbán. Cun repertorio similar, as dúas formacións interpretarán unha coñecida peza de xeito conxunta para finalizar o espectáculo.

21:00

V Festival Proxecta. Inauguración da Exposición "Afganistán"

Auditorio municipal, sala de exposicións

O fotógrafo de The New York Times Joan Silva, afincado en Sudáfrica, presenta a súa visión sobre o conflito afgano. A mostra permanecerá aberta ata o 2 de setembro.

21:30

V Festival Proxecta.

Proxección da película "The Bang, Bang Club"

Auditorio municipal, sala de conferencias.

A película está baseada na vida e traballo dun grupo de fotógrafos especializados en conflitos bélicos, entre eles Joao Silva, de The New York Times.

23:00

Verbena popular.

Alameda.

Amenizada pola orquestra Versailles, a verbena continúa despois do Combate Naval.

24:00

Combate Naval

Peirao do Ramal – Praias da Concha e Compostela.

Un ano máis, a Pirotecnia Penide ofrece o seu espectáculo de son, cor e luz que rememora a batalla naval do porto de Callao, en Perú

DOMINGO 19

11:30

XXX Travesía a Nado do Porto de Vilagarcía

Perraio de pasaxeiros

Inscrición aberta ata o mediodía do venres 17.
Puntuable para o campionato galego de natación
en augas abertas.

12:00

V Festival Proxecta.

Inauguración da Exposición “Solarigrafía”

Portos de Carril e Vilaxoán

A mostra, do fotógrafo Diego López Calvin, ofrece una serie de imaxes a gran formato realizadas por métodos estenopeicos e solarigráficos. A mostra permanecerá aberta ao público durante quince días.

12:00-15:00

Viña García. Salón gastronómico de Arousa.

Praza da Peixería.

12:00

XX Edición da Festa da Ameixa

O Carril



A Festa da Ameixa volverá a demostrar o seu poder de convocatoria, como o vén facendo dende a primeira edición, en 1992, hai xa vinte anos. Despois da lectura do pregón a cargo de Tacho González (12:00 horas) e do nomeamento de damas e cabaleiros da “Orde da Ameixa”, comezará a degustación popular. Como sempre, haberá mesas ao aire libre e baixo unha gran carpa, con prezos asequibles.

17:30

V Festival Proxecta.
Charla-Taller: a fotografía solarigráfica

Auditorio. Sala de conferencias

20:00-24:00

ViñaGarcía. Salón gastronómico de Arousa

Cada noite, actuación musical.

21:00

Desfile de Carrozas

Carrozas, bandas de música, agrupacións folclóricas e animación de rúa compoñen o desfile que pon o broche a unha semana de festas. O percorrido iniciase na praza da estación de ferrocarril, baixa por Moreira Casal e continúa pola praza da Constitución, Rey Daviña, praza de Galicia, arcebispo Lago, Alejandro Cerecedo, Castelao, Xeral Pardiñas, Covadonga, praza de España, Vicente Risco, Alejandro Cerecedo, Doutor Tourón e praza de España, onde remata.

22:30

Fantasio na rúa. Cine
Colegas en el bosque

Rúa Castelao



Boog é un oso domesticado que ve como se revoluciona o seu mundo cando coñece a Elliot, un cervo escuálido. Cando Elliot convence a Boog para que abandone o seu cómodo fogar para probar o sabor da natureza, as cousas desbócanse. Abandonados no bosque a tres días do comezo da tempada de caza deberán aclimatarse rápidamente e unir forzas para loitar coas critaturas do bosque.

22:30

V Festival Proxecta.
Proxección Proxecta
Rúa Rey Daviña



Sesión nocturna de proxección de fotografías realizadas por profesionais nacionais e internacionais. A rúa, convertida nunha gran sala de arte ao aire libre.

Do MÉRCORES 22 ao SÁBADO 25

14:00-16:00 e 20:30-24:00

OktoberFest-Festa da Cervexa

Paseo García de Caamaño (xunto á praza de abastos).

Festa da Cervexa organizada polo Club de Rugby Os Ingleses para dar a coñecer a súa actividade e recadar fondos para a tempada 2012-13. Baixo unha carpa degustaranse distintas especialidades alemanas e poderase participar en distintos xogos populares do país xermánico.



22:00

LV Certame Audiovisual do Liceo Casino

Proxección dos traballos a concurso
Rúa Castelao

O certame audiovisual celebra o seu 40 aniversario levando as proxeccións á rúa, tratando con iso de achegar esta arte cinematográfica ao gran público. Os premios serán de 1.000 euros (mellor audiovisual), mellor curtametraxe de animación (600 euros) e mellor realización novel (300 euros).

Do VENRES 23 ao DOMINGO 26

12:00-16:00 e 20:30-24:00

IV Feira das Tapas

Parque de Miguel Hernández

Coñecidos hostaleiros da cidade reúnen-se arredor dun singular recinto de casetas no parque Miguel Hernández para ofrecer as súas mellores tapas, acompañadas dos caldos da D.O. Rías Baixas. As mellores serán premiadas por un xurado. Con só tres anos de experiencia, a feira está xa consolidada como un referente do verán en Vilagarcía. En 2011 se venderon preto de 17.000 tickets, un 35% máis que no anterior, o que dá unha idea da súa crecente popularidade.



FERRA DAS
Tapas
VILAGARCÍA





SÁBADO 25

22:15

XVIII Encontro Folclórico Malveiras

Praza da Peixería

23:00-02.00

Noite das Meigas 2012

Distintas rúas e prazas da cidade.

Varias asociacións montan cadanseu “poboado meigo” no que os visitantes poderán degustar queimada, rosquiñas e outras viandas, e mesmo conseguir algún que outro agasallo se completa o circuíto enteiro. A Noite inclúe a queima da Meiga na Alameda, acompañada de fogos artificiais.

MÉRCORES 29

22:30

Concerto da Volta Ciclista a España

Explanada TIR do porto deportivo

Promovido pola Deputación Provincial, os grupos Columpio Asesino e Maga, e o dj Amable, ofrecen este concerto que servirá de antesala á saída, o día seguinte, da etapa da Volta Ciclista a España que sae de Vilagarcía con meta no Alto de Ézaro.



MÉRCORES 29 E XOVES 30

Volta Ciclista a España

Explanada Tir – Porto deportivo

Ver pasar a “serpe multicolor” dunha das probas ciclistas máis importantes do mundo é por si un acontecemento. Disfrutar da Volta Ciclista a España como saída dunha das etapas, unha oportunidade única. E así será o día 30, cando os equipos saian da Explanada Tir, na etapa 12 da Volta 2012, para dirixirse ao Mirador de Ézaro, no concello coruñés de Dumbría.

No termo municipal de Vilagarcía, os ciclistas realizarán un percorrido neutralizado de oito quilómetros. Sairán ás 11,30 horas do porto deportivo e seguirán por Elpidio Villaverde, avenida da Mariña, Conde de Vallellano, praza de Galicia, arcebispo Lago, Alexandre Bóveda, Alejandro Cerecedo, doutor Tourón, glorieta da Mariña, Rodrigo de Mendoza e porta da Luz Salgada, para encarar polas Carolinas a subida pola Pousadoiro, para iniciar, xa en terras de Caldas, a competición propiamente dita.

O caravana da Volta chegará a Vilagarcía a media tarde do día anterior. Na noite dese 29 de agosto, mércores 29, a explanada Tir será escenario dun concerto patrocinado pola Deputación Provincial.


O Concello anima a veciños e visitantes a participar activamente do espectáculo, co valor engadido de que entre os ciclistas estará o vilagarcían Gustavo César Veloso.





**la
vuelta '12**
67 edición | vuelta a españa





ESCENARIOS

- 1 Praza de Galicia
- 2 Praza do Castro
- 3 A Baldosa
- 4 Parque Doña Concha

- 5 Rey Daviña
- 6 Alameda
- 7 Avenida da Mariña
- 8 Explanada do Auditorio
- 9 Castelao

- 10 Parque Miguel Hernández
- 11 Praias
- 12 A Xunqueira
- 13 Praza da Peixería
- 14 Alameda de Carril

NORMAS DE SEGURIDADE PARA A FESTA DA AUGA

- * Procure levar calzado cómodo e pechado que evite deslizamentos na rúa así como roupa cómoda e pouco pesada con traxe de baño embaixo.
 - * Evite levar consigo teléfonos móbiles e cartos en formato billete, porque pode perdelos co impacto da auga.
 - * Lembre que pasos de peóns e pavimentos pintados son zonas nas que é doado esvarar ao estar molladas.
 - * Rexeite utilizar recipientes de cristal ou similar, xa que poden escachar no chan e dar lugar a cortes.
 - * Non colla auga acumulada do chan, posto que pode levar areas ou outros líquidos que poidan mancar os ollos, nin dos lugares habitados para iso.
- * Respecte a “zona húmida”.

En caso de calquera accidente, chame ao número de **Emerxencias: 112**, ou diríxase a calquera dos postos de atención e socorrismo situados na área festiva.
Grazas pola súa colaboración.

O noso agradecemento a todas as institucións, empresas, colectivos e persoas particulares que, co seu apoio e colaboración, fixeron posible as festas que todos queremos.



Concello de
Vilagarcía
de Arousa

+ INFO www.vilagarcia.es